

ACTA 23/18

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 5 DE NOVEMBRO DE 2018 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 5 de novembro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D^a. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. Xurxo Francos Liñares

Non asiste, previa escusa:

D^a. M^a Pilar Pérez Fagil

Secretaria accidental: D.^a Sandra María García Chenlo, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15.10.18**
- 2. TOMA DE COÑECEMENTO DE DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 5/18**
- 3. AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO**
- 4. PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 5. ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15.10.18

Indica o sr. Alcalde a existencia dun erro na acta da sesión do 15 de outubro de 2018, de xeito que no encabezamento da primeira páxina pon “15 de novembro de 2018” cando debería poñer “15 de outubro de 2018”; así mesmo, no primeiro parágrafo da primeira páxina pon “10 de outubro de 2018” cando debería poñer “15 de outubro de 2018”.

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as presentes se desexan formular algunha outra observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 15 de outubro de 2018.

Non habendo máis observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada coas correccións arriba indicadas.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 5/18

Escrito presentado por María Nieves Manuela Sánchez Rey, en data 25 de outubro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 8.095, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de maio de 2018.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de febreiro de 2018, a María Nieves Manuela Sanchez Rey, para segregación e simultánea agrupación (dúas parcelas) das fincas núms. 131-2 e 132 de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, sitas en Procelas (R.C.: 15083B503013330000SW - 15083B503001320000SE), coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 20 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, as seguintes fincas:

Finca número 132-1 da concentración parcelaria de Cacheiras Recesende, unha superficie de once metros cadrados, inscrición 1ª, ao folio 139 do libro 368 de Teo, Tomo 947 do Arquivo, Código Rexistral Único: 15013001116719.

Finca número 131-2-1 da concentración parcelaria de Cacheiras Recesende, unha superficie de nove metros cadrados, inscrición 1ª, ao folio 138 do libro 368 de Teo, Tomo 947 do Arquivo, Código Rexistral Único: 15013001116702.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data quince de marzo de dous mil dezoito, do notario Carlos Lapido Alonso, dunha superficie de 20 metros cadrados, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 5 de febreiro de 2018, expte. 5/18.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de febreiro de 2018, a María Nieves Manuela Sánchez Rey, para segregación e simultánea agrupación (dúas parcelas) das fincas núms. 131-2 e 132 de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, sitas en Procelas (R.C.: 15083B503013330000SW - 15083B503001320000SE).

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

3.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.U. (rex. entrada nº 201899900000168 do 30/08/2018)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 30 de outubro de 2018 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Jon Ander de las Fuentes Inchausti, en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.U., de 30 de agosto de 2018 (rex. entrada nº 201899900000168), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para levar a cabo obras de apertura de gabias para servizos de telecomunicacións por fibra óptica na zona de Balcaide (Camiño de Fixó, núms 9 e 43; Osebe, núms 33 e 69; Rúa Ledin, núms. 63, 72, 6 e 15; Camiño

de Lamela, núm. 8; A Pedreira, núm. 25; Cesar, núm. 12; Rúa Cascandelo, núm. 16 e Rúa do Outeiro, núm. 4).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de telecomunicacións son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de telecomunicacións supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 8071, de 24/10/2018).

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Jon Ander de las Fuentes Inchausti, en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.U., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-34/2018) para levar a cabo obras de apertura de gabias para servizos de telecomunicacións por fibra óptica na zona de Balcaide (Camiño de Fixó, núms 9 e 43; Osebe, núms 33 e 69; Rúa Ledin, núms. 63, 72, 6 e 15; Camiño de Lamela, núm. 8; A Pedreira, núm. 25; Cesar, núm. 12; Rúa Cascandelo, núm. 16 e Rúa do Outeiro, núm. 4), de acordo co solicitado con data de 30 de agosto de 2018 (rex. entrada nº 201899900000168).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- **Outorgar a Jon Ander de las Fuentes Inchausti, en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.U., licenza para a ocupación do dominio público (expte.**

O.D.-34/2018) para levar a cabo obras de apertura de gabias para servizos de telecomunicacións por fibra óptica na zona de Balcaide (Camiño de Fixó, núms 9 e 43; Osebe, núms 33 e 69; Rúa Ledin, núms. 63, 72, 6 e 15; Camiño de Lamela, núm. 8; A Pedreira, núm. 25; Cesar, núm. 12; Rúa Cascadelo, núm. 16 e Rúa do Outeiro, núm. 4), de acordo co solicitado con data de 30 de agosto de 2018 (rex. entrada nº 201899900000168).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

3.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.U. (rex. entrada nº 201899900000169 do 30/08/2018)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 30 de outubro de 2018 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Jon Ander de las Fuentes Inchausti, en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.U., de 30 de agosto de 2018 (rex. entrada nº 201899900000169), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para levar a cabo as obras de instalación de armarios de telecomunicacións, en Ameneiro, Balcaide e Fixó (Camiño de Lamela, núm. 8; Rúa Ledin, núm. 6; Rúa Irmáns Liste Forján, núm. 19 e Rúa Cernadelo, núm. 3).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de telecomunicacións son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de telecomunicacións supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 8070, de 24/10/2018).

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Jon Ander de las Fuentes Inchausti, en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.U., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-35/2018) para levar a cabo as obras de instalación de armarios de telecomunicacións, en Ameneiro, Balcaide e Fixó (Camiño de Lamela, núm. 8; Rúa Ledin, núm. 6; Rúa Irmáns Liste Forján, núm. 19 e Rúa Cernadelo, núm. 3), de acordo co solicitado con data de 30 de agosto de 2018 (rex. entrada nº 201899900000169).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- **Outorgar a Jon Ander de las Fuentes Inchausti, en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.U., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-35/2018) para levar a cabo as obras de instalación de armarios de telecomunicacións, en Ameneiro, Balcaide e Fixó (Camiño de Lamela, núm. 8; Rúa Ledin, núm. 6; Rúa Irmáns Liste Forján, núm. 19 e Rúa Cernadelo, núm. 3), de acordo co solicitado con data de 30 de agosto de 2018 (rex. entrada nº 201899900000169).**

Segundo.- **Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

3.3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A VANESA MAGARIÑOS VILLAR (rex. entrada nº 7942 do 18/10/2018)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 22 de outubro de 2018 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Vanesa Magariños Villar, de 18 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 201800000007942), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo obras de cruce da estrada cunha canalización soterrada de auga veciñal, para subministro de auga potable a unha vivenda situada en A Agrela, 46, Lampai.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca, en data 18/10/2018) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a VANESA MAGARIÑOS VILLAR, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-50/2018) para poder levar a cabo obras de cruce da estrada cunha canalización soterrada de auga veciñal, para subministro de auga potable a unha vivenda situada en A Agrela, 46, Lampai, de acordo co solicitado con data de 18 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 20180000007942).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- **Outorgar a VANESA MAGARIÑOS VILLAR, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-50/2018) para poder levar a cabo obras de cruce da estrada cunha canalización soterrada de auga veciñal, para subministro de auga potable a unha vivenda situada en A Agrela, 46, Lampai, de acordo co solicitado con data de 18 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 20180000007942).**

Segundo.- **Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

3.4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A SOCORRO BARBEITO LISTE (rex. entrada nº 8.101 do 25/10/2018)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 30 de outubro de 2018 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Socorro Barbeito Liste, de 25 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 8.181), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo obras de reparación puntual dunha canalización de auga soterrada baixo a estrada pública a altura de Travesía de Casalonga, nº 72, Calo.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Banco de Sabadell, en data 25/10/2018) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a SOCORRO BARBEITO LISTE, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-51/2018) para poder levar a cabo obras de reparación puntual dunha canalización de auga soterrada baixo a estrada pública a altura de Travesía de Casalonga, nº 72, Calo, de acordo co solicitado con data de 25 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 8.101).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.*”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a SOCORRO BARBEITO LISTE, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-51/2018) para poder levar a cabo obras de reparación puntual dunha canalización de auga soterrada baixo a estrada pública a altura de Travesía de Casalonga, nº 72, Calo, de acordo co solicitado con data de 25 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 8.101).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria acctal. dou fe.

O alcalde

A secretaria acctal.,

Rafael C. Sisto Edreira

Sandra M^a García Chenlo